



SESION EXTRAORDINARIA DE 20 DE AGOSTO DE 2019

(Acta Número 11)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D^a. M^a. Elena Candía López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretario:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

Interventor:

D. Fernando Seijas Puga

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do **día vinte de agosto de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada de conformidade co art. 46.2.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e arts. 89 e ss. do Regulamento Orgánico da Corporación, a solicitude da cuarta parte do número legal de membros da Corporación, e dentro do prazo de convocatoria a que fan referencia ditos preceptos.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste como Interventor D. Fernando Seijas Puga, Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas.

En primeiro lugar intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Antes de dar comezo á sesión quero informarlles ás señoras e señores Deputados que, como ven, aquí diante hai un monitor para que todos vaian vendo o tempo que consome na súa intervención, e para que non haxa ningún tipo de dúbidas de se un Grupo leva máis tempo ca outro, polo tanto vai haber total transparencia para que cadaquen xestione o seu tempo e os seus argumentos como considere oportuno.

Polo tanto cada turno, tal e como se recolle no Regulamento, terá os seis minutos na primeira intervención, iso figurará na pantalla, o último minuto aparecerá en vermello para avisarlles de que está rematado o tempo; no segundo turno figurarán os tres minutos regulamentarios, e se fora o Grupo propoñente ademáis un turno de peche dun minuto.

Como ven non fai falla que miren o reloxo senón que o verán na pantalla a medida que vaia transcorrendo a intervención”.

Aberta a sesión, adoptouse en relación co asunto incluído na Orde do Día, o seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO RELATIVO Á CLARIFICACIÓN DO FUTURO DA REDE DE CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta de acordo incluída na petición do Pleno por parte do Grupo Provincial Popular, e a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

- “Que o equipo de Goberno da institución provincial explique con claridade cal é o futuro que ten proxectado en relación aos Centros de Atención a Maiores construídos ou en proxecto de construción na provincia de Lugo pola Deputación Provincial de Lugo.



- Que o Sr. Presidente cumpra e faga cumprir os acordos aprobados polos órganos de goberno unipersoais e colexiados da institución provincial relativos á construción e xestión dos ditos Centros de Atención a Maiores.
- Que, o Goberno provincial, unha vez cumpridos os devanditos acordos e as obrigas derivadas dos mesmos, abandone a loita e o enfrontamento coas institucións de distinta cor política e traballe de forma coordinada con todos e, nomeadamente, coa Xunta de Galicia no relativo á xestión de Centros de Atención a Maiores na provincia de Lugo; así como en todos os asuntos importantes para a provincia”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Intentando cingirme ó tempo, aínda que saberá Presidente que estamos ante un dos proxectos probablemente máis importantes que ten a Institución e que afectan non só a moitos concellos senón a moitos veciños, e non só pola cantidade senón tamén pola importancia cualitativa toda vez que son maiores desta provincia onde a media de idade, como todos sabemos, é certamente alta, e onde son servizos nos que a sensibilidade e a implicación das Administracións Públicas é especialmente importante.

Este Grupo que represento recurriu á petición dun pleno extraordinario en amparo á normativa de aplicación despois de ler en repetidas ocasións en varios medios de comunicación afirmacións que, lonxe de motivar ou ilusionar cun novo proxecto nunha nova etapa desta Institución, nos deixaba profundamente preocupados, e en aras ó rigor que intentaremos sempre que nos caracterice, imos citalos expresamente, estoume a referir pois probablemente á primeira entrevista que o Sr. Presidente concedeu a un medio de comunicación, onde cun titular nos almorzabamos, creo que foi o dezanove de xullo, e dicía “non podemos facer novas residencias de maiores porque iso correspóndelle á Xunta”; ese era o titular, afirmación, ou alo menos interese, que subscribiu en días sucesivos, concretamente o 30 de xullo, a señora Vicepresidenta onde aseguraba que a Deputación non vai asumir máis residencias da terceira idade.

Os titulares son o suficientemente contundentes, o suficientemente negativos e ó memo tempo preocupantes como para que este Grupo, sempre dun xeito construtivo, rexistrara unha petición de reunión co propio Presidente para aclarar os principais proxectos da provincia, entre os cales na primeira axenda deste Grupo estaba este proxecto.

Así foi, e á marxe doutras valoracións que creo que deben quedar evidentemente dentro da nosa reunión interna, e ademáis así o transmitín ó propio Presidente, e á pregunta sobre o futuro das residencias a contestación a este Grupo foi que se estudaría caso a caso; tampouco nos deixou moi tranquilos esa aseveración, e hoxe, facendo uso dos instrumentos que temos como Grupo e co número sobradamente suficiente, presentamos esta iniciativa.

Con esta iniciativa o que buscamos é que o equipo de goberno desta Institución provincial explique con claridade cal é o futuro que ten proxectado en relación cos centros de atención a maiores construídos, ou en proxecto de construción, na provincia de Lugo por esta Deputación.

Tamén pedimos no punto dous que o Sr. Presidente cumpra e faga cumprir os acordos aprobados polos órganos de goberno unipersoais e colexiados da institución provincial relativos á construción e xestión dos citados Centros de Atención a Maiores.

E facemos unha última petición, e non por ir en último lugar menos importante, de que o Goberno provincial, unha vez cumpridos os devanditos acordos e as obrigas derivadas dos mesmos, abandone a loita e o enfrontamento coas institucións de distinta cor política e traballe de forma coordinada con todos e, nomeadamente, coa Xunta de Galicia.

Esta é a petición e o único obxectivo que buscamos con esta sesión plenaria, que os veciños da Pontenova, de Becerreá, de Oural, de Pantón, de Portomarín, de Courel, saiban con meridiana claridade cal vai ser o futuro deses compromisos da Institución, e vexo aquí ó anterior Presidente que aproveito para saudalo, que non era dende logo un compromiso do señor Darío Campos senón que era un compromiso da Deputación Provincial de Lugo.

Evidentemente non abusamos desta fórmula de plenos, aínda que temos o número taxado por lei, e nunca pasamos de un na lexislatura, pero dado que o Presidente dixo sempre que chegaba



ó goberno da mesma, despois dalgunhas actuacións dentro do Partido que non nos corresponde a nós valorar, para mudar a imaxe do último mandato, si lle advertimos, e hoxe lle reiteramos, que se mudar a imaxe do mandato é converter en papel mollado o acordo dos Presidentes que o precederon pois mala nova imaxe lle dá á Institución.

A maiores empeza vostede mal, e de feito nas propias entrevistas di que a propia Institución debe ser coñecida polo que fai, e hai que dicir que ata a data esforzouse moito en explicar o que non fai, ou o que non quere facer; insisto, neste caso con compromisos claros e rotundos.

Foi un proxecto estrela o das residencias, foi un proxecto que ademáis de ser dotado cunha cantidade moi importante economicamente, foi tamén un elemento político crucial para resultados electorais, e a ningún se lle escapa. Despois foi obxecto de moita confrontación, pretenderon cambiar o que era un proxecto político nun problema xurídico que o tempo demostrou que non o era, e agora parece que queren convertelo nun problema económico. En definitiva, parece que a creación de prazas de residencias non é unha prioridade.

Hai un apartado que me gustaría deixar con moita claridade, porque foi un informe do que se fixo uso público e que fixo moito dano á imaxe da Institución, no que na páxina 18 do dito informe do 22 de febreiro de 2018 dicía o Secretario que en paz descansa: “de todo ese contexto normativo ha de concluirse a existencia dunha competencia determinante e propia en orde á prestación do servizo de centros especializados como residencias e centros de día a favor da Deputación, competencia que sen dúbida compártese cos concellos, do que se deduce a necesidade de acordar con estes os termos da súa prestación”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, Voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Benvidos señores do Partido Popular á importancia deste proxecto para a provincia de Lugo, realmente é importante para esta provincia e vostede agora recoñéceno; e os titulares, Sra. Candia, son claros e ademáis din a verdade. Porque o 17 de xullo asinabamos un acordo de goberno entre o Partido Socialista e o BNG para este mandato na Institución provincial, un pacto que fixemos público no momento en que se asinou, con ánimo de ser totalmente transparentes.

Nese documento, entre outras cuestións se recolle, tal e como se dixo públicamente aquel día e hoxe repetimos, que un eixo fundamental de traballo será a procura do adelgazamento das Deputacións emprazando á Xunta a iniciar e comprometerse en procesos sobre o traspaso de infraestruturas, equipamentos, centros e servizos que deban ser transferidos á Comunidade Autónoma; isto farase respectando sempre en todo momento os dereitos laborais das traballadoras e traballadores dos centros e servizos que resultaran afectados. E no mesmo acordo tamén se di que se acorda transferir á Xunta aquelas competencias que lle son impropias ó Ente provincial para o cumprimento dos seus fins.

Ó amparo dese acordo que, insisto, fixemos público o mesmo día que o asinamos, foi polo que dende a toma de posesión fomos moi claros e dixemos sempre o mesmo sobre os centros de atención aos maiores; en primeiro lugar que imos cumprir todos e cadaún dos compromisos adquiridos cos concellos en materia de construción e posta en marcha das residencias; a día de hoxe todos vostedes saben que hai tres abertos que son o de Trabada, Ribadeo e Pol, e os restantes, e para que quede claro vounos ler a continuación, son os seguintes: A Fonsagrada, A Pontenova, Becerreá, Castroverde, Cervantes, O Courel, Guitiriz, Meira, Navia de Suarna, Ourel, Pantón, Pedrafita, A Pobra do Brollón, Portomarín, e Ribas de Sil. E dende aquí aproveitamos para dirixirnos ós Alcaldes e ós veciños e veciñas destes concellos para transmitirilles o que tamén dixemos dende o primeiro día, tranquilidade, porque as súas residencias vanse facer.

O segundo que dixemos con respecto ás residencias foi que iamos cumprir cos compromisos que había adquiridos, pero non iamos adquirir ningún máis, porque como tamén sempre defendemos, mesmo cando comezamos a proxectar a rede de residencias da terceira idade, é que a responsabilidade última de impulsar este servizo, e vostedes sábeno tamén, é da Xunta de Galicia.

E o terceiro que dixemos sempre foi que iamos ter como ferramentas o diálogo e a lealdade institucional, e niso imos seguir traballando co obxectivo de que a Xunta de Galicia se faga cargo desta competencia tal e como por lei lle corresponde.



Polo tanto con esas tres premisas afrontamos este mandato no que respecta ós centros de atención aos maiores, e esa é a nosa folla de ruta, clara dende o primeiro día. Polo tanto a petición de Pleno, como as declaracións feitas por vostede mesma, están feitas dende un plantexamento errado, intencionada e interesadamente, un plantexamento que está deseñado para sementar dúbidas, para que a xente pense que non se van facer esas residencias, e completamente distante e oposto ó plantexamento que se fai dende o Goberno que o que di é que non só se van facer as que hai comprometidas senón que imos traballar coa Xunta de Galicia para consolidalas nun futuro.

Esa é a realidade, Sra. Candia, e por iso se mantén o compromiso con tódolos concellos que teñen en tramitación os centros de atención ós maiores, dezaoito en total, tres deles xa abertos. E vaise falar coa Xunta de Galicia para emprazalos a que se comprometa con procesos sobre o traspaso dos centros de atención a maiores.

Polo tanto enriba da mesa con total claridade o compromiso deste Goberno con e para eses dezaoito concellos non só para facelas senón para abordar o comprometido con eles e que teñan un mellor futuro.

Este asunto, na miña opinión, deberamolo abordar coa seriedade a que vostedes apelan constantemente, pero sobre todo co compromiso, e dende logo neste caso ó Partido Popular ademáis de predicar vaille tocar dar trigo Sra. Candia; as residencias eran necesarias, os concellos demandábanas, a Deputación traballou a reo para que foran unha realidade, por certo sen a necesaria complicidade do seu Partido, porque nunca estiveron, e a verdade aínda a día de hoxe custa crer que van estar aí para impulsalas, e ademáis a Xunta de Galicia sempre nos dixo “non”, de xeito directo ou indirecto, pero a resposta da Xunta de Galicia sempre foi “non”, con máis ou menos voltas.

E agora veñen vostedes a intentar sementar dúbidas convocando este Pleno, facendo unhas declaracións na miña opinión un tanto desatinadas, para intentar darlle a volta á realidade, porque son conscientes e saben que os centros de atención ós maiores teñen o compromiso deste Goberno para saír adiante e vanse facer”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Vou ser moi breve por non repetir argumentos xa que subscribo o que acaba de dicir a Sra. García Porto.

Este Pleno para nós non é máis ca unha cortina de fume para tapar vergoñas, e subscribo o que dicía a Sra. Candia do problema do envellecemento desta provincia, pero por iso hai o proxecto destas dezaioito residencias; porque a Xunta fixo inacción durante estes anos de goberno de Feijóo, e polo tanto a Deputación reaccionou para solucionar un problema grave que é o da atención ós maiores.

En ningún momento por ningunha parte deste goberno se puxo en dúbida de que esas residencias se foran abrir ou construír, sempre en tódalas declaracións públicas de calquera dos que formamos parte deste goberno se fixo fincapé en que tódolos compromisos adquiridos se ían manter, e vostedes sembrou a dúbida simplemente coma unha estratexia política ou electoralista entendemos que para tapar a inacción da Xunta, porque pide respecto institucional e nós témolo; se hoxe viñera vostede ou alguén do Partido Popular ou do Goberno da Xunta cun proxecto para colaborar con esta Deputación para que estas residencias sexan viables economicamente e sigan funcionando pois estaríamos colaborando coa Xunta de Galicia, pero só houbo “non”, e, como dicía a Sra. García Porto, por parte da Xunta de Galicia sempre houbo desprezo cara ós proxectos da apertura das residencias e cero preocupación polas persoas maiores desta provincia.

Entonces vostedes teñen que facer algo mediático para sembrar dúbidas; o proxecto naceu con gobernos bipartitos, defendeuse sempre, e estamos para levar a cabo a apertura destas residencias. E agradeceríamos que ese respecto institucional se materialice nalgún acordo concreto, porque nós estamos dispostos a negociar calquera tipo de colaboración coa Xunta de Galicia, pero o Goberno da Xunta ata o día de hoxe non ofreceu ningún tipo de colaboración para que isto fora viable.



Entonces eu dígolles que se suban ó carro do coidado dos maiores desta provincia, e que traian proxectos por parte do Goberno da Xunta de Galicia que é quen ten as competencias e a capacidade económica moito máis ca esta Deputación”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“A contestación ten que ser obviamente totalmente distinta, vostede que é de Sarria a colaboración a algunha iniciativa que o seu Grupo trouxo a este mesmo órgano desta Institución para colaborar coa residencia de Sarria, quizá antes de entrar nesta sesión plenaria non estaba de máis que tivera unha reunión de traballo, tanto con Antonio Veiga ou con Xosé Ferreiro, para que lle explicaran un pouco os antecedentes de todo este proxecto; porque, con todo o respecto, creo que hai un gran descoñecemento nas súas manifestacións, estamos arrincando todos e evidentemente hai que sumar e se de aquí sacamos o compromiso, agora si, alto e claro, de que se van construír esas residencias en principio este Pleno conqueiriu o seu obxectivo.

Non foi tan claro coa xestión, vostede si porque dixo que as ían abrir. A Sra. García Porto, que tivemos a coincidencia de entrar nesta Institución no mesmo ano 2011, xa ten a obriga e ser moito máis rigorosa nas súas manifestacións; a Sra. García Porto apoiou, non no ano 2010 porque aínda non era Deputada, pero a partires de aí a construción e a xestión, estivo no Consello de Administración de Suplusa, defendeu a xestión por Suplusa; despois desdixose dese modelo de xestión e cambiou a un novo modelo de xestión onde criminalizaba o modelo que tiña a Xunta de Galicia, e agora vostedes parece que pretenden reclamar como a mellor solución.

A historia das residencias é moi triste, e senón que llo pregunten ós veciños de Castroverde; parécelle a vostede que a un veciño de Castroverde cando a escoitou, porque estivo no Consello de Administración de Suplusa en Castroverde co Presidente da Deputación, informando de que na seguinte sesión plenaria se aprobaría a ordenanza de prezo público e nun período dun mes, incluso o Presidente dixera que se se podía en menos prazo, abrían as residencias, cren vostedes realmente que de dezaoito planificadas hai tres en funcionamento é un exemplo en xestión de servizos sociais esta Institución?.

O importante de todo isto é que se comprometan a rematalas e que digan claramente se van ir con ese modelo de xestión que o Sr. Campos afirmaba que supoñían 3,5 millóns de euros para A Fonsagrada, Pol e Trabada, que neste momento son as únicas que están dotadas orzamentariamente, ou se van unha vez máis rectificar e van ampararse ó que, non o di o Partido Popular nin a Xunta de Galicia, a Lei de Dependencia, o Decreto de Servizos Sociais, e a Lei de Servizos Sociais, que ademáis foi un Goberno socialista o que fixo esa normativa e logo outros tiveron que poñer os cartos, normalmente estamos acostumados a iso, pero que son as prestacións que teñen os usuarios de servizos sociais. A pregunta é moi clara, apostan vostedes por ese modelo novo reinventado, modelo Campos?, interpreto que ó modelo Besteiro non porque queren dinamitar Suplusa, ou incluso pode dinamitar a propia Institución como di a Vicepresidencia”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, Voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Deixándo Suplusa a un lado porque daría para escribir varios capítulos desta Institución nos que dalgúns deles vostede sería protagonista, cada vez estou máis certa despois de escoitala de que atinamos de cheo cando o Presidente decidiu convocar coa máxima celeridade posible este Pleno, precisamente para atallar de inmediato o seu intento de xerar ruído, de incerteza, cun tema que é moi sensible para a cidadanía.

É totalmente falso que este Goberno decidise romper os acordos que a propia Deputación asinou cos concellos en materia de residencias; pero tamén é completamente falso que identificáramos este servizo das residencias como insostible.

Ademáis de intentar manipular están sendo tremendamente cínicos, atrévense a dicir agora que as residencias son irrenunciáveis; Sra. Candia lémbrolle que o Partido Popular dende a Xunta de Galicia sempre dixo “non” ás residencias da provincia de Lugo, e vostedes mesmos aquí tamén dixeron “non” de moitas formas pero eu só me vou remitir á votación do Pleno de setembro do ano pasado.

A Xunta do Partido Popular dixo textualmente que estes equipamentos públicos non eran nin necesarios nin prioritarios para esta provincia, que é a máis envellecida de Galicia xunto con



Ourense; negouse en reiteradas ocasións a ofrecer prazas concertadas nas instalacións, puxo mil e un impedimentos na tramitación dos permisos; e agora ven vostede dicir aquí que para vostedes son irrenunciabes as residencias, simplemente o seu non resulta crible, onde estiveron ata agora?; se as residencias son irrenunciabes para vostedes xa sabe o que ten que facer, pónase do lado do Goberno e colabore e coopere, pónase do lado dos veciños e veciñas da provincia de Lugo que precisan desas residencias; pero non, vostede escolle outro camiño, escolle a vía do ruído, e pretende facer barullo na prensa, xa llo dixen moitas veces ó longo das miñas intervencións neste pleno, e sementar dúbidas porque lles ven ben facelo e que os demais parezamos pouco cribles, pero os que non son cribles neste caso son vostedes.

E fala na súa proposta de incerteza, non hai ningunha incerteza nin hai efectos gravemente prexudiciais, claridade absoluta, dezaioito centros de atención ós maiores, dezaioito compromisos firmes; din vostedes que son irrenunciabes os dereitos dos maiores da nosa provincia, recórdolles a moción de setembro de 2018 e o seu voto en contra, iso garantía o futuro das residencias.

Din vostedes que queren asegurar a seguridade xurídica no funcionamento, iso non o van garantir nin vostedes nin nós senón que o van garantir os técnicos; e o futuro non pode ser mellor se a Xunta de Galicia colabora e se fai cargo e cumpre coas súas competencias tal e como lle di a lei.

E din vostedes tamén nesta proposta que nós temos que cambiar e temos que tomar unha decisión, pois nós non temos nada que cambiar, temos dezaioito compromisos firmes e vanse a seguir abrindo as residencias, están abertas tres e as seguintes van levar o mesmo camiño, non se vai pechar ningunha porta, vanse abrir máis.

Polo tanto abriranse, funcionarán, a Xunta de Galicia decidirá cooperar ou non, e na medida en que o vaia facendo se irá incorporando, e se non o fai as residencias van continuar abríndose e funcionando”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para dicirlle á Sra. Candia que a información e a colaboración que teño cos dous anteriores Deputados, tanto o Sr. Veiga coma o Sr. Ferreiro, é moi estreita, porque a parte de compartir militancia nun Partido úneme a amizade con ámbolos dous; e teño información de todo. E na anterior lexislatura enzarzáronse nun debate xurídico de como se debería por intereses políticos, nós estamos do lado de que se abran, e se este modelo que está imposto é o que funciona é o que imos defender, estamos do lado de que as residencias funcionen.

Falábame tamén da residencia de Sarria, pois vostede e o seu Grupo na lexislatura anterior votaron en contra de que se tratara con urxencia o tema, e eu estaba presente neste pleno porque colaborei para que viñera ese asunto; por tanto non me saque aquí agora a residencia de Sarria porque tampouco nesa se puxeron do lado dos anciáns da comarca de Sarria.

Por tanto suban ó carro, porque ademáis é un caramelo para a Xunta de Galicia, é un proxecto de dezaoito residencias con investimentos xa feitos e abertas, se se suman agora van estar do lado dos maiores, pero non, seguen querendo estar do lado de abrilas pero poñendo paus nas rodas; eu invítoos a que se sumen a que isto funcione e que haxa un servizo para cuidar os nosos maiores que, como ben dicía a Sra. García Porto, nunca estiveron a favor disto; agora oímola falar e parece que é un proxecto que saiu do Partido Popular, pero nunca estiveron a favor, puxeron tódalas trabas que puideron, unhas veces máis directamente como o voto en contra desa moción, e outras veces intentando enmarañar xurídicamente as solucións; súmense, fagan que isto sexa máis viable porque teñen o goberno da Xunta de Galicia, e senón apártense porque vanos apartar os veciños e as veciñas deste país porque vai haber un cambio na Xunta de Galicia, xa que non se pode seguir a non defender aos maiores.

Estamos abertos a colaborar pero se propoñen algo, porque o único que hai aquí é unha cortina de fume para tapar as vergoñas do Partido Popular que non fai máis ca entorpecer que teñan un coidado os maiores da nosa provincia”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:



“A Xunta de Galicia ten na nosa provincia 1600 prazas creadas e corenta millóns de euros. A Xunta de Galicia está ó lado de servizos sociais dunha maneira responsable.

Probablemente crer as propias mentiras é o instrumento máis alonxado da intelixencia humana, que nesta Institución durante moitos anos se veu practicando. Agardo que empece unha nova etapa Sr. Presidente, e agardo tamén que teñamos que recurrir a este Pleno para que se diga con claridade que vai rematar os dezaioito compromisos e que vai xestionar as residencias, sen dúbida temos que vanagloriarnos de que este Pleno produciu o seu efecto.

Ó BNG pode que lle contaran algunhas mentiras, a responsabilidade é deles de crelas, e nós tamén de volver explicalas. O Partido Popular o día 26 de outubro de 2010 votou a favor da construción das residencias, e dende aquela, dende eu mesma que fun a primeira que se enviaron as pertinentes autorizacións á Xunta de Galicia en outubro do ano 2015, ata hoxe seguiremos traballando para que a Institución cumpra os seus compromisos, e vostede, Presidente, en primeira persoa”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Rematado o debate e antes de someter a votación a iniciativa eu quero facer unha reflexión para deixar claras algunhas cousas sobre como vexo eu a iniciativa sobre a liña política en canto ás residencias.

En primeiro lugar dicirle dona Elena que eu non poño os titulares senón que os poñen libremente os medios de comunicación, eu nunca lle dixen a ningún medio o que tiña que titular, en todo caso pregúntelle ó medio porque titulou desa maneira; eu non puxen ese titular.

E cando falo de novas residencias non me refiro ás que xa están senón que me refiro ás novas, ás que non teñen ningún tipo de documento, ás que chaman á porta por primeira vez.

Mire dona Elena e señores Deputados do Partido Popular, e sen acritude o que lles vou dicir, pero teño que dicilo, hai unha norma non escrita de que cando empeza un mandato dun Presidente ou dun goberno habitualmente dáselle unha cortesía de cen días. Eu tomei posesión o

día 18 de xullo, e o 9 de agosto, vinte e dous días despois, a Sra. Candia rexistrou a solicitude dun Pleno extraordinario sen que tivera acontecido nada extraordinario, simplemente empezamos a poñer en marcha o noso acordo de goberno que foi público dende o primeiro momento, e creo que xa non está nada mal.

En democracia, e dentro da lei, cadaún pode facer o que queira, pero en política non vale todo e hai que ter algo de pouso, e non tomar decisións froito da impaciencia ou da desesperación porque a impaciencia sempre foi unha mala conselleira; así que eu humildemente, e non son eu quen teño que recomendarlle nada, pero diríalle que se tranquilice e que sexa útil ós veciños da provincia de Lugo.

E vou seguir o seu argumentario porque non ten desperdicio, tanto da nota de prensa coma das declaracións que fixo vostede ós medios, e quero dicir o seguinte: falaba vostede de desatención, pois nós non imos desatender nada, e non imos seguir dándolle voltas á noria que vostede nos quere meter.

Nós falamos alto e claro, e creo que xa o dixeron hoxe aquí os voceiros, pero dirémolo cando o consideremos oportuno, lóxicamente non imos seguir o guión de dona Elena Candia, seguiremos o guión do Goberno. Por tanto aquí non hai que disipar ningunha dúbida porque, como dixeron os voceiros dos Grupos que apoian ó goberno, o noso compromiso é claro, transparente e firme, o que hai que disipar é a manipulación que fixo vostede desta información. Eu diríalle que os veciños e os Alcaldes afectados poden estar ben tranquilos, e eu recoméndolles que non se fien moito desa manipulación informativa que vostede fixo.

E logo di vostede que empezo mal, pois quen empeza mal ou quen segue mal é aquela que empeza manipulando a información con ánimo de enganar ou de causar dano político, e facer unha oposición crítica non significa facer dano político. Eu nunca dixen, e senón amóseme a gravación ou o documento escrito, que ía romper acordos, entre outras cousas porque non fixen declaracións sobre ese tema, e pode vostede amosar a folla que queira que logo eu amosareille outra; ademais eu asegúrolle que esa non é a miña especialidade, máis ben parece que é a súa.



E é probable que a vostede lle conveña politicamente que esta Casa non teña tranquilidade, que non teña normalidade, que esta Casa non teña prestixio, pero eu vou facer todo o posible, e xa o dixen dende o primeiro día, para que esta Institución represente o papel institucional que lle corresponde dende o rigor e dende o respecto.

Tamén fala vostede de alarma e de incerteza, pois mire aquí a única que sementa alarmas é vostede, os demais non.

E eu non teño ningunha loita contra ningunha Institución, porque fala vostede de loitar contra a Xunta de Galicia, eu non falei da Xunta de Galicia para nada, porque ademáis eu creo e defendo a colaboración institucional, e ademáis tiven ocasión de dicirlló ó Presidente da Xunta de Galicia en Monforte con motivo dos catrocentos anos do Colexio Nosa Señora da Antigua, coñecida como os Escolapios.

Defendo a colaboración institucional pero sen deixar de esixir a responsabilidade que ten cadaquén, porque cadaquén é responsable de xogar o papel que ten. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27 apartado 23 atribúe á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, así que o que lle diremos á Xunta de Galicia é que se aplique o conto e que cumpra co Estatuto de Autonomía porque as competencias son para exercelas, e son da Xunta.

Vexo que vostede parece que é atrevida, porque na nota de prensa que enviou e nas declaracións que fixo e que tiven ocasión de escoitar acusa á miña persoa de dar un golpe de estado, creo sinceramente que nese momento, e vou pensar que só foi nese momento, a vostede foiselle a “olla” e meteu a pata dun xeito brutal.

Eu fun elixido Deputado Provincial de xeito democrático por unanimidade das compañeiras e compañeiros, conforme á lei, en sede xudicial da Xunta Electoral de Zona, onde había dous xuíces e a secretaria xudicial que levantou acta, e vou supoñer e non dubido de que vostede fixo o mesmo. Posteriormente, elección da que vostede foi testemuña, fun elixido Presidente tamén democráticamente nun acto público nesta mesma Sala de sesións. Francamente, Sra. Candía, non sei onde atopa vostede o do golpe de estado.

Polo tanto creo que debería vostede retirar ese exabrupto impropio polos mesmos medios que o fixo; e en todo caso, como sei que non o vai facer, se alguén desta Sala está acostumado a dar golpes de estado posiblemente sexa vostede como fixo co seu Partido, co Partido Popular, en Monforte, co resultado que xa todos coñecemos, e precisamente creo que o que ocorreu alí non foi moi democrático, pero alá vostedes.

Como xa lle dixen a impaciencia sempre foi unha mala conselleira, non teña tanta présa porque aínda estamos empezando o mandato, quedan catro anos por diante, así que procure tranquilizarse e debe tratar de ser útil ós veciños da provincia.

Eu podo entender a súa tristeza, porque parece que está triste polo cambio que se produciu nesta Deputación; polo que vexo é vostede unha política que lle gusta xogar en terreo un pouco embarrado pero a min non, a min gústame o xogo limpo e de calidade.

E mire dona Elena, sinceramente, isto cambiou, mudou a película que se proxectaba nesta Casa, agora vostede xa non é a actriz principal, aquí hai agora outros actores que só teñen interese en traballar para os lucenses e polo prestixio desta Institución. Polo tanto se vostede quere ser útil faga unha oposición construtiva, dende a crítica lexítima á acción do goberno, pero non invente historias que desprestixian á política e ás Institucións.

A iniciativa que vostede presentou ós vinte e dous días do inicio do mandato non ten sentido ningún, porque ademáis non desgasta a un Presidente que pretende poñer un pouco de orde e sentido común dende a acción de goberno, senón que con estas historias desgastase vostede mesma e tamén ó seu Partido.

Nós non podemos votarlle a favor dunha iniciativa que só pretende armar bulla, e ademáis o que pide xa está comprometido polo goberno da Deputación, está nos nosos acordos de goberno, e está dito por activa e por pasiva, polo tanto só pretende armar bulla.

E voulle poñer un exemplo, o pasado día 17 deste mes unha persoa que nos acompaña aquí, Alcalde do seu Partido, Alcalde de Pantón, fixo unha entrevista nun xornal, que eu tamén lle amoso, na que di “Pantón terá a súa residencia da terceira idade, teño pendente unha entrevista co



Presidente da Deputación que dixo que as residencias comprometidas se construírán, os veciños que estean tranquilos porque a residencia será unha realidade”; isto foi o que dixo o Alcalde do seu Partido nun xornal. Así que se o Alcalde que peor o ten, porque todos os demais teñen un convenio pero este Alcalde só ten un protocolo, ten esa confianza e está seguro de que a súa residencia se vai facer, porque é así e pode estar tranquilo o Sr. Alcalde, entónces vostede Sra. Candia porque ven con este conto?.

Entónces a pregunta é onde está a alarma da que vostede fala Sra. Candia?, e qué dúbida hai que disipar?; eu creo que non hai que disipar ningunha, agás que haxa que disipar a quen inventa e sementa falsa alarma, iso xa é cousa de vostede.

Por tanto creo que queda claro que eu actúo por cauces democráticos e que non dei ningún golpe de estado, e xa me acusaron unha vez en Monforte de se sabía máis ca os propios do Partido Popular, iso tamén está publicado, cando avisei dalgunhas cousas precisamente á voceira que vostedes substituíron. E cando fala vostede dun golpe de estado voulle dar unha información por se lle interesa, eu diríalle que non se despiste porque no seu Partido hai movemento de tropas. Así que moitas grazas e imos someter a votación a iniciativa do Partido Popular.

A continuación a voceira do Grupo Provincial Popular, pulsando o dispositivo de audio, pide a palabra por alusións; e intervén o Sr. Presidente, quen lle manifesta o seguinte:

“Non ten vostede a palabra, e porque vostede pulse o micro non quere dicir que teña o uso da palabra; a lei di que vostede pode pedir a palabra e o Presidente pode darlla, pero o que non pode facer vostede é abrir o micrófono e falar, se estaba acostumada a iso esquézao porque iso xa non é así; vostede cando queira falar levante a man e se eu considero que ten razón doulle a palabra, pero o de pulsar o micro e falar sen permiso non”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido o Presidente anuncia que se vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a proposta presentada.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.



DEPUTACIÓN DE LUGO